

LECTURA

Nin unha máis



- **C**ando Deus creou a humanidade, fixo as persoas segundo a súa imaxe. Por iso, cada vez que nace un neno ou unha nena, é un novo rostro de Deus que asoma ao mundo. Isto non lle gustou a Wakon¹, o Señor do Mal, que se sentiu moi envexoso. Conseguiu convencer a Supay, a morte, para que cobrase un tributo por cada nova wawa² que nacesse, de tal maneira que por cada certo número de nacementos perecese unha nai ao dar a luz. Este tributo débeno pagar moitas mulleres ao dar a luz... é o normal e foi así dende o principio dos tempos. Neyvi xa tivo cinco fillos, e vese que agora o Supay quere cobrar o seu tributo.

- Cando Melva oía iso da súa avoa non podía aceptalo. Doíalle que a súa irmá Neyvi estivese tan mal tras dar a luz ao seu novo fillo. Melva ía á escola dende hai varios anos, e sabía que detrás das antigas lendas e tradicións, hai realmente enfermidades por falta de coidados médicos e medicinas.

Pero o que máis lle doía é que no seu pobo dixesen que é normal que a xente enferme e morra, que se aceptase con ese conformismo. Non moi lonxe de alí vive Rosa, no distrito de Huaranchal, na mesma provincia de Otuzco, ao norte de Perú.



¹ Wakon é na mitoloxía inca como o demo do cristianismo. Supay é un deus menor que representa a morte. Nos Andes, como noutros moitos lugares convertidos ao cristianismo dende unha relixión anterior, aínda hoxe se segue dando certa mestura das crenzas.

² "Bebe" en quechua.



A zona e o tipo de vida é moi similar ao da aldea de Melva, pero algo cambiou para as persoas desa zona.

Rosa cóntanos:

“Hai dous anos, a situación da saúde na nosa comunidade era moi mala. Máis da metade das casas non tiñan servizos hixiénicos e en ningún fogar se consumía auga segura. Isto facía que as diarreas fosen un problema moi grave, sobre todo nos nenos menores de seis anos. Cando había un problema de saúde e as cousas se vían moi mal, acudiamos ao posto médico de Huaranchal Pueblo, a cinco horas de camiño e como esperaba ata o último momento, moi a miúdo cando chegaban os enfermos era tarde.

Un día viñeron persoas dunha organización peruana, o Instituto de Investigación e Promoción Social (IDIPS). Reuníronnos a todos e conversamos sobre os problemas de saúde. Ofrecéronnos instalar unha botica de primeiros auxilios comunitaria; así como formar algúns de nós como promotores de saúde para atendela. A xente entusiasouse, e elixíronnos a tres persoas para facer os cursos. A verdade é que ao principio me sentín afagada, elixíanme porque eu sei ler e confían en min, pero a responsabilidade asustábame e era consciente de que ser promotora de saúde íame ocupar moito tempo. Son moitas as tarefas que hai que realizar e atender a botica de primeiros auxilios significa alternarse as tres persoas todos os días do ano.

E todo isto, nunha actividade pola que non cobramos, e que, polo tanto, debemos seguir coas nosas ocupacións habituais. Pero o ben que lle facemos á comunidade é moi grande e creo que iso o compensa todo.

Ao longo dun tempo, acudimos a 27 talleres de saúde e nutrición, pero tamén de xénero, autoestima e traballo con grupos³. Cando rematamos o curso, fixémonos cargo da botica de primeiros auxilios comunitaria, e empezamos a desenvolver na nosa comunidade o resto de tarefas do promotor de saúde:

- Orientar a comunidade en temas de nutrición e saúde preventiva.
- Organizar a rede de saneamento e auga potable e o seu mantemento.
- Controlar o crecemento e nutrición dos nenos menores de seis anos.
- Atender urxencias e derivar os casos graves ao establecemento de saúde máis próximo.

³ O proxecto ao que pertencen estes cursos foi financiado por Mans Unidas.



Pouco a pouco cambiamos o xeito de pensar e actuar das persoas da comunidade. Pequenos cambios que conseguen que a saúde mellore. E outra parte importante son as actuacións de urxencia. Hai unhas semanas, un veciño veu á casa en medio da noite dicíndome que a súa muller, embarazada de seis meses, tiña fortes dores e non sentía o bebé. Tras examinala, pareceume que tiña unha infección nas vías urinarias, polo que lles dixen que debía ir ao posto de saúde. Aquela noite improvisamos unha padiola e dirixímonos a Huaranchal.

- Chegamos a tempo e ao amencer, cando volvía á miña aldea, morta de sono pero feliz por contribuír a salvar unha, ou talvez dúas vidas, pensaba eu que non debemos baixar a garda. Nesta zona, o 68% das mulleres dan a luz na casa, e non sempre nas mellores condicións hixiénicas ou de iluminación, co que os riscos son moitos.

Como intuía Melva, no Perú do século XXI, o mesmo que noutros países empobrecidos, Supay é a falta de infraestruturas e dun sistema de saúde axeitado. Pero historias como a de Rosa ensínanos que isto se pode cambiar.

